

O Saviñao, 24 de abril de 2012. O ALCALDE. Asdo.: Joaquín González González

R.1893

VIVEIRO

Anuncio

Por medio da presente expónse ó público o proxecto da obra "Pavimentación e servizos na Rúa Irmáns Vilar Ponte no seu tramo dende a praza de Santa María ata a Rúa Luis Trelles", redactado polo arquitecto de excelencia turística do Concello de Viveiro, D. Santiago Meitín Míguez, en febreiro de 2012, cun orzamento de execución por contrata que ascende á cantidade de 133.411,00 euros, por prazo de vinte días a contar dende o seguinte á publicación do presente anuncio. Durante este prazo o proxecto poderase consultar na Secretaría Xeral deste Concello de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas.

En Viveiro, a 27 de abril de 2012. O ALCALDE. Asdo.- Melchor Roel Rivas.

R.1894

XERMADE

Anuncio

O Pleno do Concello de Xermade , en sesión extraordinaria celebrada o 7 de marzo de 2012, acordou aprobar inicialmente as seguintes Ordenanzas:

1 Modificación da Ordenanza fiscal nº 6 reguladora da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga potable.

Así mesmo acordou expoñer os expedientes a información pública e audiencia ós interesados, previo anuncio no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo de trinta días, e no suposto de que non se presentaran reclamacións contra os mesmos , entender automaticamente elevados a definitivos os acordos ata entón provisionais, de conformidade co disposto nos artigos 49 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do réxime local e artigo 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, para as Ordenanzas fiscais.

No BOP nº 064 de data 17 de marzo de 2012 publicouse anuncio de exposición pública, non presentándose no prazo de exposición pública reclamacións, polo que entendendo aprobada definitivamente a antedita Ordenanza publícase o seu texto íntegro en cumprimento do previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril e 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, facendo constar que contra a aprobación definitiva das ordenanzas poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses contados a partir da data de publicación das mesmas no Boletín Oficial da Provincia

ORDENANZA FISCAL Nº 6

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE.

ARTIGO 1. - Fundamentos de natureza.

Ao abeiro do previsto nos artigos 57 e 20 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, e de conformidade co disposto nos seus artigos 15 e 17, este Concello establece a taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga potable, que se rexerá pola presente Ordenanza.

ARTIGO 2.- Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación efectiva do servizo de abastecemento de auga potable, integrado este, tanto polas actuacións de enganche de liñas e colocación dos contadores, como do tratamento e posterior distribución e subministro de auga potable.

A ese efecto, entenderase por actuacións de enganche de liñas e colocación de contadores, o conxunto de actuacións materiais e administrativas necesarias para dotar de subministro á parcela na que se ubica a edificación receptora do servizo, tales como a tramitación do expediente de concesión do servizo, obtención de autorizacións e permisos doutras administracións públicas, colocación de contadores, tendido das liñas dende a rede xeral ata o límite da parcela, etc; facéndose cargo o Concello dunha distancia máxima de vinte (20) metros dende a liña xeral de subministro ata o límite da parcela.

No suposto de edificios suxeitos ao réxime de propiedade horizontal no que existisen varios usuarios, as actuacións de dotación do servizo a cada elemento privativo do inmovible constituirán feitos imponibles diferentes que darán lugar ao devengo dunha cota tributaria de enganche de liñas para cada elemento privativo.

Entenderase subministro de auga potable as actuacións previstas no Real Decreto 140/2003, de 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano, con excepción das actuacións de enganche de liñas e colocación de contadores.

ARTIGO 3.- Devengo da taxa.

1.- A facturación e cobro realizarase con periodicidade trimestral.

2.- A obriga de contribuír nace respecto da cota tributaria derivada do enganche de liñas, no momento da presentación da solicitude do servizo no rexistro xeral do Concello de Xermade.

3.- Respecto da cota tributaria derivada do subministro regular de auga potable, o derradeiro día de cada trimestre natural.

ARTIGO 4.- Obrigados tributarios.

- Están obrigados ao pago da taxa, en concepto de contribuíntes da cota de enganche, as persoas físicas e xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten o enganche de liñas e colocación de contadores.

- Están obrigados ao pago da taxa, en concepto de contribuíntes da cota de subministro, as persoas físicas e xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que ocupen os edificios ou instalación preceptoras do servizo.

- Serán substitutos do contribuínte os propietarios dos inmobles sobre os que recaen as actuacións de prestación do servizo.

ARTIGO 5.- Base imponible.

A base imponible da taxa constitúena a totalidade dos custes previsibles da prestación do servizo de abastecemento de auga potable, integrados tanto polas actuacións de enganche de liñas e colocación de contadores, como do tratamento e posterior distribución de auga potable.

Para a aplicación das cotas tributarias variables en función do consumo efectivo de auga potable, estableceranse as seguintes regras:

Entenderase como consumo efectivo o rexistrado no contador.

No suposto de que o servizo municipal apreciase unha manipulación do contador, entenderase como consumo efectivo o meirande entre o rexistrado no contador no período correspondente ou o rexistrado no trimestre anterior.

ARTIGO 6.- Cotas e garantías tributarias.

A cota da taxa, reguladora desta Ordenanza, será a fixada na tarifa reflexada na seguinte táboa.

TARIFA A Subministro de auga potable para usos domésticos e agropecuarios.

1.-Cota de mantemento	3,21€/trimestre
2.- Consumo mínimo (ata 14m ³)	2,70 €/ trimestre
3.- Consumo dende 14 m ³ ata 30m ³	0,25€/m ³ trimestre
4.- Consumo dende 31 m ³ ata 50m ³	0,30€/m ³ trimestre
5.- Consumo dende 51 m ³ ata 75m ³	0,35€/m ³ trimestre
6.- Consumo de máis de 75m ³	0,40€/m ³ trimestre

TARIFA B: Subministro de auga potable a edificacións e instalación de uso comercial ou industrial.

1.-Cota de mantemento	3,21 €/ trimestre
2.- Consumo mínimo (ata 30m ³)	9,30€/ trimestre
3.- Consumo dende 31 m ³ ata 50m ³	0,38€/m ³ trimestre
4.- Consumo dende 51 m ³ ata 75m ³	0,42€/m ³ trimestre
5.- Consumo de mais de 75m ³	0,46€/m ³ trimestre

As novas acometidas pagarán as taxas seguintes:

a) Por dereitos de enganche para uso doméstico: 273,46 €.

b) Por dereitos de enganche para uso industrial: 373,00€.

c) Por cada contrato de subministro de auga aboarase a cantidade de 20,00€.

ARTIGO 7.- Normas de xestión e xestión tributaria.

Cando se coñeza, de oficio, ou ben por comunicación dos interesados, calquera variación dos datos que figuran dados de alta como contribuíntes, levaranse a cabo as modificacións correspondentes, que terán efectos a partir do período de cobranza seguinte ó da data na que se efectuou a declaración.

O cobro das cotas farase trimestralmente, mediante o correspondente recibo, en período voluntario durante os dous meses naturais completos seguintes á data de expedición deste. Transcorrido este período procederase ó cobro das cotas en vía de prema.

A xestión tributaria das cotas derivadas das actuacións de enganche de liñas e colocación de contadores efectuase mediante liquidación tributaria xirada de oficio pola administración.

A xestión tributaria das cotas derivadas das actuacións de subministro efectuarase mediante a aprobación de padróns trimestrais.

Estes padróns terán a natureza de liquidacións tributarias colectivas, notificándose colectivamente no xeito establecido pola lexislación tributaria vixente.

Os padróns da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga potable poderán xestionarse conxuntamente cos padróns das taxas pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo.

ARTIGO 8.- Infraccións e sancións.

En todo o referente a infraccións e sancións, será de aplicación a Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, en concreto os artigos 181 e seguintes, e as disposicións que a desenvolvan.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Os quince que foron propietarios do abastecemento de auga e que cederon gratuitamente ó Concello, segundo acordo do Pleno, correspondente ó día 12 de febreiro de 1976, quedan exentos de pago ata o consumo de 135 m³ trimestrais, pasando a cotizar a partir do dito consumo.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA

Aprobada a Ordenanza polo pleno de 23 de novembro de 1998, resulta modificada polo presente texto.

Esta modificación da Ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno deste Concello en sesión celebrada o 7 de marzo de 2012, entrará en vigor no momento da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación no seguinte trimestre natural ó da súa publicación, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Xermade 25 de abril de 2012. O Alcalde. Asdo: Tomás Rodríguez Arias.

R.1895

MANCOMUNIDAD DE MUNICIPIOS DE LA MARIÑA LUCENSE (LUGO)

Anuncio

CORRECCIÓN DE ERROS NO ANUNCIO PUBLICADO NÚMERO R.1717 DO BOP NÚMERO 95 DO 25 DE ABRIL DE 2012

Onde di:

"...///...///.. na súa sesión de data 30 de marzo de 2011, exporse ao público a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2010.-

Barreiros, 31 de marzo de 2011.-"

Debe dicir:

"...///...///... na súa sesión de data 10 de abril de 2012, exporse ao público a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2011.-

Barreiros, 12 de abril de 2012.-"

O que se publica no BOP para os correspondentes efectos

Barreiros, 26 de abril de 2012.- O presidente. Asdo.: José Alfonso Fuente Parga.

R.1896